

**VINTE E CINCO ANOS DE SAÍDAS E ACTIVIDADES DO GRUPO
MICOLÓXICO GALEGO**

por
J.A. DÍAZ NÚÑEZ*

Cando naquel, xa lonxano, día nove de marzo de 1992, dezasete fundadores do Grupo Micológico Galego firmabamos a Acta Fundacional da nosa asociación, tiñamos moi claro que para cumprir os acordados obxectivos de estudar, divulgar e protexer a formidable riqueza micolóxica de Galicia, deberíamos percorrelas seus camiños e descubri-las singularidades desta terra meiga, que sempre nos ten algo que ofrecer.

Así o fixemos e durante 25 anos visitamos gran parte da nosa paisaxe medioambiental buscando especies e constatando, sen subxectivas impresións personais, que noso fermoso país mudou de traxe nesta curta etapa e que cada vez viste peor. Debemos denunciá-lo e pedir as autoridades responsables un maior e intelixente esforzo na lexilación medioambiental. O cambio climático, a aparición de especies invasoras foráneas, o monocultivo, os incendios forestais e outras lacras, empobrecen o noso medio e a nós mesmos como especie. Pese a todo, noso Grupo, tra las máis de 200 saídas micolóxicas realizadas, pode afirmar que Galicia sigue sendo superlativamente fermosa, que cada volta do horizonte nos sorprende con paisaxes envexosas que todo o mundo debera coñecer, desfrutar, coidar e respetar. Seguiremos traballando para cumprir mellor esa misión pola que naceu o Grupo Micológico Galego.

*Presidente do Grupo Micológico Galego Luís Freire. e-mail: diaznunezmach@gmail.com